



## **TEMA 1. O USO DAS LICENZAS CREATIVE COMMONS NO ENSINO**

### ***Propiedade intelectual e dereitos de autoría***

De cotío escoitamos conceptos como propiedade intelectual, copyright ou dereitos de autoría. Neste módulo queremos axudar aos docentes a que entendan estes termos e utilicen os recursos educativos axeitadamente mentres protexen e distribúen as súas obras, e as de terceiros, con seguridade.

A Declaración Mundial sobre a Propiedade Intelectual refírese a esta como "calquera propiedade que, de común acordo, se considere de natureza intelectual e merecedora de protección". A propiedade intelectual recae sobre bens culturais. Por iso, a diferenza doutro tipo de propiedades (como por exemplo, a dunha casa), unha vez transcorrido un período de tempo, se extinguen os dereitos económicos sobre tal propiedade. É coma se caducase, podendo ser dende entón libremente utilizada por calquera, aínda que sexa con fins comerciais e sen pedir permiso ou pagar os autores ou editores.

A nós interésanos en particular unha das vertentes da propiedade intelectual denominada dereitos de autoría.

Os dereitos de autoría son un conxunto de normas e principios que regulan os dereitos dos autores, polo simple feito de crear unha obra, estea publicada ou inédita. Isto significa que dende o momento en que un autor crea a súa obra (constrúe un texto, compón unha obra musical, dispara unha fotografía, realiza un deseño, etc.) posúe unha serie de dereitos sobre esta.

Estes dereitos inclúen os denominados dereitos morais e os dereitos patrimoniais. Os primeiros son aos que máis referencia fai a lexislación española e inclúen aspectos como o recoñecemento da condición de autor da obra ou o recoñecemento do nome do artista sobre as súas interpretacións ou execucións. Tamén, tal e como aparece na páxina do Ministerio de Cultura, o dereito de esixir o respecto á integridade da obra e á non alteración destas.

Doutra banda, os dereitos patrimoniais son aqueles susceptibles de ter un valor económico e adoitan estar asociados ao concepto anglosaxón de Copyright ou dereito de copia.

O famoso Copyright, representado a través da famosísima "C" quedou asociado á idea de "todos os dereitos están reservados".

Aínda que este modelo protexeu dunha forma máis ou menos eficaz os dereitos dos autores ata agora, o desenvolvemento de Internet e o intercambio de información ao que vai asociado fan que o seu uso limite as posibilidades dos educadores. É por iso que nos últimos anos apareceron intentos por eliminar ou reducir as barreiras legais que limitan o fluxo libre e a reutilización do coñecemento. Conceptos como Copyleft (xogo de palabras que propón a posibilidade de que o receptor dunha copia, ou unha versión derivada dun traballo, poida, á súa vez, usar, modificar e redistribuír tanto o propio traballo coma as versións derivadas deste) ou as licenzas [Creative Commons](#), as cales deixan ao autor establecer que dereitos están ou non reservados, están a ter un impacto significativo en como entendemos os dereitos de autor.